



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MELIDE

*Edicto: nova elección de xuíz de paz substituto do Concello de Melide*

**EDICTO: NOVA ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE MELIDE.**

Dando cumprimento á providencia da alcaldía número 593/2023 de data 24 de outubro de 2023 co fin de proceder á nova elección de xuíz de paz substituto deste municipio, segundo o disposto na lexislación vixente, ábrese a seguinte convocatoria:

**PRIMEIRO - Obxecto da convocatoria:**

Elección de xuíz de paz substituto deste municipio.

**SEGUNDO - Lugar e prazo de presentación de solicitudes:**

No Rexistro Xeral deste Concello, na Casa do Concello, en horario de 09:00 a 14:00 h., durante os 15 días hábiles seguintes á publicación deste anuncio no BOP.

**TERCEIRO - Condicións legais dos solicitantes:**

Ser español, maior de idade e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei orgánica do poder xudicial.

**CUARTO - Documentación a achegar coa solicitude:**

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
  - Declaración de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei orgánica do poder xudicial.
  - Certificado do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia no artigo 2 da Lei 68/80, no punto 1.a) referente a se se atopa inculpado ou procesado.
  - Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.
- O que se fai público para xeral coñecemento.

Melide, 1 de marzo de 2024.

O alcalde. José Manuel Pérez Penas

Asinado dixitalmente.

2024/1475